




O MUSEO DO POBO GALEGO

Un dos vellos soños do galeguismo era a creación dun museo que recollese a singularidade cultural de Galicia. En 1976, poucos meses despois da morte do ditador Franco, un grupo de intelectuais galegos, vinculados ao mundo da arquitectura e ao da cultura, decidiron converter aquela ilusión nunha realidade plena. Dende o primeiro momento, os promotores tiñan claro que había dúas persoas idóneas para poñerse á fronte da institución: Xaquín Lorenzo, Xocas, e Antonio Fraguas.

Os dous veteranos galeguistas aceptaron o reto e pouco despois, no outono de 1977, abríase o Museo do Pobo Galego. As primeiras salas expositivas estaban dedicadas á cestería, á olaría e ao mundo dos tecidos. O convento de San Domingos de Bonaval foi o recinto escollido para albergar a mostra. Máis de corenta anos despois, este edificio segue a ser a sede do Museo do Pobo Galego.



ACTIVIDADE:



Antes de nada, cómpre saber algo máis sobre o inmore que imos visitar. Só unha destas dúas afirmacións é certa. Sabedes cal é?

- Emprazado en Betanzos, construíuse no século II despois de Cristo grazas a unha subvención outorgada por un emperador romano.
- O edificio, que está en Santiago de Compostela, é un antigo convento da orde dominica que foi fundado no século XIII.



Fraguas, retirado do ensino, entrégase ao Museo do Pobo Galego, que será unha das grandes satisfaccións da súa vida. Alí traballa arreo, primeiro como director e, dende 1989, ano no que falece o seu gran amigo Xaquín Lorenzo, como presidente da institución. O seu compromiso co Museo era innegable, tanto foi así que mesmo doou as ferramentas de canteiro de seu pai para que formasen parte da exposición.

Con Fraguas na dirección, o recinto expositivo amplíase e consolídase como un dos principais museos de Galicia. Ábrense novas salas dedicadas ao mar, ao agro, aos oficios tradicionais, ao traxe, á música, á arquitectura e ao territorio.



O século XX foi, sen dúbida, un tempo de grandes cambios para Galicia, que viu como dunha poboación maioritariamente rural se pasou a unha sociedade moito máis urbana.

Antonio Fraguas era consciente de que os cambios que se estaban a producir eran profundos e irreversibles.

Por iso, defendía así a necesidade de mostrar como era esa sociedade:

*Este país, por sorte ou por desgraza, xa non é como aparece neste museo.
De aí a razón desta obra*

Antonio Fraguas estaría hoxe orgulloso de saber que a casa que tanto quixo é un dos recintos máis visitados de Santiago de Compostela. En 2018 achegáronse ata o Museo do Pobo Galego máis de 50.000 persoas. O Museo é unha referencia para investigadores e investigadoras que decote visitan a súa biblioteca, que conta con máis de 100.000 volumes e o arquivo documental e gráfico, un dos máis importantes da nosa Comunidade.

Non coñecedes o Museo do Pobo Galego? Non agardedes máis! Convedede os vossos mestres e mestras ou a vosa familia. A experiencia non vos vai defraudar. Ademais das diferentes exposicións, no edificio de San Domingos de Bonaval atoparedes auténticas xoias arquitectónicas e lugares emblemáticos da nosa cultura e natureza. Aquí vos deixamos tres bos exemplos:



ESCALEIRA HELICOIDAL

Dentro do edificio buscade esta extraordinaria escaleira de caracol, unha das máis fermosas de Galicia. Foi ideada polo arquitecto Domingo de Andrade (1632-1712).



PARQUE DE BONAVAL

A carón do Museo do Pobo Galego tedes un dos mellores parques da capital de Galicia. É un magnífico lugar para descansar e contemplar a zona vella da cidade.



PANTEÓN DE GALEGOS ILUSTRES

A igrexa de San Domingos de Bonaval acolle o Panteón de Galegos Ilustres. Alí están enterrados persoeiros coma Rosalía de Castro, Castelao ou Alfredo Brañas.



En maio de 1999 o Museo do Pobo Galego decide impulsar a creación da Fundación Antonio Fraguas Fraguas. Esta Fundación pretende poñer en valor a súa obra e manter o recordo dun dos grandes intelectuais galegos do século XX.

Unha das tarefas máis coñecidas da Fundación é a convocatoria anual do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas. Un certame dirixido rapaces e rapazas coma vós. A finalidade non é outra que promover traballos de campo sobre o patrimonio etnográfico, antropolóxico, lingüístico, xeográfico, histórico e artístico da contorna máis achegada ao voso centro escolar. Animádevos a participar. Os traballos premiados expoñeranse no Museo do Pobo Galego. Serán os vosos?

Créditos das Fotografías:

Bonaval: Fornecida por Turismo de Santiago (www.santiagoturismo.com)

Escaleira: José Luís Cernadas, compartida con licenza CC BY-SA 2.0

Panteón Rosalía: Xosema, en Galipedia, con licenza CC BY-SA 4.0